

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A SOCIEDADE MERCANTIL ESTATAL DE ACCION CULTURAL S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN PICASSO, BRANCO NO RECORDO AZUL, 2023 ENMARCADA NA CELEBRACIÓN PICASSO, 1973-2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Sociedade Mercantil estatal de Acción Cultural, S.A. (AC/E en adiante) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o cumprimento efectivo polas partes das obrigas recollidas nel unha vez clausurado o proxecto o día 25 de xuño de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a cofinanciación e coorganización, pola "Comisión Nacional para a conmemoración do 50º aniversario da morte de Pablo Picasso", a través da Sociedade Mercantil de Acción Cultural, da exposición "Picasso, branco no recordo azul" organizada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no Museo de Belas Artes da Coruña e que se celebrará do 23 de marzo ao 25 de xuño de 2023 e que se enmarca na "Celebración Picasso 1973-2023".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro: A entidade organizadora, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, asume a produción do proxecto, que estase a executar con cargo ao seu propio orzamento na aplicación orzamentaria 10.04.432A.640.3 que inclúe: a xestión e contratación do comisariado; o deseño museográfico; a coordinación técnica e o préstamo de obras, a xestión de dereitos e o pago de licenzas, a construción de embalaxes transporte, os servizos complementarios (e xestión dos correos) das obras integrantes da exposición, a xestión da Garantía do Estado e a subscripción de póliza de seguro cravo á cravo das obras que así o requiran; a execución do proxecto museográfico, a montaxe e desmontaxe; o deseño e a produción da gráfica da exposición; a xestión da sala incluíndo seguridade, vixilancia, mantemento e atención ao público; o seguro de responsabilidade civil, a produción





do catálogo, respectando as directrices e contra prestacións, e a produción de actividades conexas.

Ao mesmo tempo, o convenio permite enmarcar a exposición de referencia na "Celebración Picasso 1973-2023" baixo a coordinación da Comisión Nacional para a Conmemoración do 50º aniversario da morte de Pablo Picasso, creada polo Real Decreto 245/2021, do 6 de abril.

En base a isto, este convenio terá por obxecto contribuír ao financiamento de parte dos gastos derivados da dita exposición.

Segundo: Pola súa parte **AC/E** asume o comisariado adxunto, dentro da Comisión nacional para a "Conmemoración do 50º aniversario da morte de Pablo Picasso", a asistencia técnica e a financiación do proxecto expositivo organizado pola consellería cunha achega do 42,4431147 % do gasto total executado (IVE incluído) nas partidas relativas a organización da exposición: Proxecto e investigación: honorarios e gastos do comisariado, coordinación, documentación e gastos de viaxes e estancias relacionadas coa elaboración do proxecto, Producción: preparación e restauración de obras, taxas de préstamos, seguros, transporte, deseño museografía, produción de elementos, montaxe-desmontaxe e gráfica, tradución simultánea en caso de actividades; Publicación (honorarios de textos do catálogo, tradución e edición, dereitos, deseño, maquetación e impresión).

Igualmente, e co fin de coadruar ao financiamento das actividades conexas de carácter educativo, de mediación ou divulgativo, aboará á consellería un importe de 20.937,60 € (IVE incluído).

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

